

En cumprimento do disposto do artigo 126 relativo a autorizacións de obras no dominio público hidráulico, do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, sométese ao trámite de información pública a documentación técnica achegada.

Este documento técnico recolle as actuacións a realizar no encoro integrante do Salto de Brandariz, dándose resposta en concreto ás seguintes cuestións:

- Problemática existente consistente na anoxia das augas liberadas desde o encoro de Portodemouros nas épocas estivais.
- Descrición das actuacións a realizar para conseguir a reosixenación das augas procedentes do dito encoro, consistentes na execución de dous diques na cola do encoro de Brandariz cos seus correspondentes dispositivos de franqueo piscícola.

O que se fai público aos efectos do seu coñecemento xeral, co fin de que aquelas persoas naturais ou xurídicas que se consideren afectadas nos seus dereitos poidan formular, por escrito, cantas alegacións, observacións, suxestións e reclamacións estimen procedentes, persoalmente ou por medio do seu representante con poder suficiente, e presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro do prazo improrrogable de 20 días hábiles, que comezará a computarse a partir da data da derradeira das publicacións que corresponde facer nos Boletíns Oficiais das provincias da Coruña e Pontevedra. Transcorrido o dito período de tempo non se admitirá nin se terá en conta escrito algún.

Para os expresados efectos, este anuncio, ademais da súa inserción nos mencionado boletíns, será obxecto de exposición ao público no taboleiro de anuncios dos Concellos de Vila de Cruces e Touro.

Os que se consideren interesados terán a súa disposición para os devanditos efectos informativos, copia da petición e da documentación achegada polo peticionario, para que poidan ser examinados nas dependencias administrativas de Augas de Galicia, sitas na rúa do Tomiño, 16 Baixo, 15703, Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2013.—O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, p.s. res. 8/4/2013, o subdirector xeral de Programación e Proxectos, Roberto Arias Sánchez.

2013006397

ADMINISTRACIÓN LOCAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Conforme ó establecido no artigo 3.2 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por acordo adoptado na Xunta De Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o 2 de agosto de 2013 aprobouse o II Plan de práctica laboral no ámbito do sector privado 2013, que se desenvolverá en dúas fases, a primeira de convocatoria e selección de empresas e a segunda de convocatoria e selección de bolseiros.

Neste mesmo acordo apróbanse a convocatoria de empresas en réxime de concorrencia competitiva, selección de empresas, criterios de valoración e distribución do número de bolseiros por empresas, cuxo contido reproducése a continuación:

CONVOCATORIA DE EMPRESAS PRIVADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA PARTICIPAR NO II PLAN DE PRÁCTICA LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL 2013

A Deputación de Pontevedra ten previsto poñer en marcha un Plan de Práctica laboral en colaboración coas empresas do sector privado da provincia de Pontevedra para mozos titulados universitarios e de formación profesional, sen experiencia laboral previa, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ó mercado laboral.

Esta medida está en coherencia coas recomendacións e iniciativas que, sobre esta materia, realizou a Unión Europea así como coas medidas da Estratexia de emprendemento e emprego xoven do Goberno de España, nas que se require a participación de todas as institucións públicas e privadas, empresas e organizacións de todo tipo.

O plan articularase mediante un total de 400 bolsas de práctica laboral no sector privado, de 800,00 €/mes, durante un período de seis meses, prorrogables por outros seis. Legalmente ditas bolsas configúranse como subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra a titulados universitarios ou de formación profesional para que poidan aplicar nas empresas colaboradoras que participan neste plan os coñecementos adquiridos na Universidade.

A Deputación asume o financiamento do plan, a distribución e asignación das bolsas entre as empresas solicitantes, a selección dos bolseiros, a adxudicación das bolsas e o pagamento da correspondente axuda ou subvención ós bolseiros así como a cotización á seguridade social.

Pola súa parte, as empresas participantes deberán comprometerse a facilitar a realización da práctica laboral no seu Centro de traballo e desenvolver un proxecto ou programa formativo que lles permita exercer competencias e colaborar no desenvolvemento de actividades profesionais que lles podan facilitar a súa empregabilidade.

A cooperación entre a Deputación Provincial e as empresas da provincia que resulten beneficiarias materializarase a través dun Convenio de colaboración no que se establezan os dereitos, obrigas e compromisos de cada unha das partes.

Considerando ó exposto, a convocatoria de empresas do sector privado que desexen participar no plan de práctica laboral 2013 dirixido a titulados universitarios e de formación profesional, rexeráse polas seguintes

B A S E S :

PRIMEIRA: OBXECTO DAS BASES

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, da selección e distribución dun total de 400 bolsas de práctica laboral de titulados universitarios ou formación profesional entre empresas privadas da provincia de Pontevedra, coa finalidade de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

SEGUNDA: FINALIDADE DO PLAN

A finalidade do plan é seleccionar as empresas máis capacitadas para acadar os obxectivos sinalados nestas bases, que se atopen en mellores condicións e poidan engadir valor á formación académica ou profesional dos mozos ós que vai dirixido, ofrecendo unhas boas perspectivas de empregabilidade.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO

Este programa será financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ó crédito previsto nas aplicacións orzamentarias 13/921.241.481.47 e 13/921.241.160.47, por importe de 4.006.656 €.

CUARTA. SERVIZO E ÓRGANO RESPONSABLE DO PROCEDIMENTO

3.1. O Servizo de Recursos Humanos será o encargado da tramitación dos expedientes.

3.2. O procedemento de selección das empresas e distribución das bolsas entre estas será en réxime de concorrencia competitiva.

3.3. Para tal efecto, constituirase unha Comisión de avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas polas distintas empresas.

3.4. Dita comisión estará composta pola Deputada delegada en materia de persoal, a xefa do Servizo de RRHH e formación da Deputación, un representante do sector empresarial da provincia de Pontevedra e un representante da Universidade ou persoas en quen deleguen.

3.5. A Xunta de Goberno resolverá o expediente de selección das empresas nas que se desenvolverán as prácticas.

QUINTA: PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DAS EMPRESAS

5.1. EMPRESAS BENEFICIARIAS. REQUISITOS

Nesta convocatoria poderán participar todas as empresas privadas da provincia de Pontevedra, calquera que sexa a súa forma xurídica e sector económico, que reúnan os seguintes requisitos:

- Dispoñer de capacidade técnica e de xestión suficiente para a execución dos proxectos formativos de práctica laboral solicitados.
- Estar inscritas no rexistro público correspondente.
- Ter a sé social na provincia de Pontevedra,
- Non ter contrato de servizos vixente coa Deputación Provincial de Pontevedra.
- Asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes.
- Non ter despedido de forma improcedente a ningún traballador nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Diseñar un proxecto ou programa formativo de práctica laboral, por medio do cal os titulados universitarios e os dos ciclos superiores poidan adquirir competencias para o exercicio de actividades profesionais que faciliten a súa empregabilidade.
- Estar relacionada a súa actividade principal coas titulacións solicitadas.
- Dispoñer de persoal técnico cualificado que se encargue de exercer as funcións de titor e asumir a formación práctica do bolseiro.

5.2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES POR PARTE DAS EMPRESAS PARTICIPANTES

5.2.1. As solicitudes de participación neste plan de práctica laboral empresarial da Deputación Provincial 2013-2014 deberán presentarse no modelo oficial de solicitude que figura como anexo I desta convocatoria, dispoñible na páxina web da Deputación Provincial (www.depo.es), xunto coa seguinte documentación:

- Copia compulsada da tarxeta de Identificación Fiscal.
- Copia compulsada de poder suficiente do representante que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante.
- Copia compulsada dos estatutos ou calquera outro documento análogo que acredite a condición de empresario, segundo a natureza e actividade de que se trate.
- Certificado de inscrición no rexistro público correspondente.
- Proxecto de práctica laboral a desenvolver, especificando o contido, perfil dos bolseiros titulados universitarios ou dos ciclos superiores de formación profesional, lugar, horario, sistemas de titorías da formación práctica, criterios de avaliación para comprobar o resultados da aprendizaxe e adquisición de competencias profesionais. Ademais se indicará a orde de preferencia nas titulacións solicitadas.
- Identificación da persoa de contacto para coordinar as actuacións entre a Deputación e a empresa, caso de ser seleccionada.
- Persoal técnico da empresa que actuará como titor e que se encargará da formación práctica así como de supervisar e apoiar tecnicamente os bolseiros, da distribución e avaliación das tarefas que se lles encomenden.
- Declaración responsable de non ter contrato de servizos vixente coa Deputación Provincial de Pontevedra.

- Declaración responsable de asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes.
- Declaración responsable de non ter despedido de forma improcedente a ningún traballador nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Declaración responsable de manter os requisitos esixidos nas bases durante o período de vixencia da bolsa, debendo informar de calquera variación das circunstancias.

5.2.2. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5.2.3. As solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Para tal efecto e a fin de determinar a data de presentación, no modelo oficial de solicitude deberá figurar o selo de entrada da oficina de rexistro correspondente.

5.2.4. Rematado o prazo de presentación de solicitudes farase pública na web da Deputación Provincial, a lista provisional de empresas admitidas e excluídas á presente convocatoria con indicación, en cada caso, dos motivos de exclusión. Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación de dita lista, para a subsanación dos motivos de exclusión.

5.2.5. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento se poderá instar ás empresas solicitantes para que cumprimenten calquera outro requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 76 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, concedéndose a tal efecto dez días hábiles a partires da notificación, con expreso apercibimento de que, de non o facer así, se lle poderá declarar decaído no seu dereito.

5.2.6. A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude como na memoria, poderá comportar a denegación da/s bolsa/s solicitada/s.

5.3. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS EMPRESAS

5.3.1. A selección das empresas levarase a cabo conforme ós seguintes criterios:

- Proxecto de práctica laboral, capacidade técnica e de xestión e a existencia de persoal técnico cualificado que se encargue da formación práctica do bolseiro, ata un máximo de cinco puntos.
- Deseño de itinerarios alternativos de inserción para cando finalicen as prácticas laborais, (é dicir, compromiso da empresa da posible formalización dun contrato ó finalizar as prácticas, indicando a modalidade, xornada e duración), ata un máximo de catro puntos.
- Calquera outra mellora non contemplada que redunde en beneficio da formación práctica do bolseiro ata un máximo de un punto.

5.3.2. Ademais, a selección das empresas efectuarase segundo a puntuación acadada no apartado anterior e por titulacións universitarias, podendo establecerse un mínimo de solicitudes da mesma titulación, xa sexa dunha ou varias empresas, para poderen convocar o correspondente proceso de selección dos bolseiros, é dicir, tan só se convocarán aquelas titulacións que acaden un mínimo de solicitudes entre todas as empresas que se seleccionen, mínimo que se determinará no seu momento en función do volume total de solicitudes.

5.3.3. No caso de que a través deste procedemento non se presenten suficientes empresas, poderase seleccionar de forma directa as empresas para realización destas prácticas.

5.4. Resolución do procedemento de selección de empresas e determinación do tipo de bolsa a convocar

5.4.1. A Comisión de avaliación elaborará a proposta de selección de empresas indicando a puntuación total por orde decrecente e con lista de reserva, proposta que será elevada a Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación.

5.4.2. Segundo as titulacións solicitadas polas empresas seleccionadas, determinaranse as bolsas a convocar.

5.4.3. A convocatoria e bases que regulan o procedemento de selección dos bolseiros corresponde á Xunta de Goberno da Deputación así como a súa resolución.

5.5. Obrigacións das empresas beneficiarias

As empresas beneficiarias deberán cumprir as seguintes obrigacións:

- Realizar a actividade que fundamenta a convocatoria deste plan de práctica laboral.
- Designar un ou varios traballadores técnicos da empresa con experiencia profesional e coñecementos necesarios para actuar como tutores, os cales se encargarán de dirixir, controlar e supervisar o programa de práctica laboral.
- Comunicarlle á Deputación aquelas modificacións substantivas que afecten á realización das prácticas, así como as renuncias á/s bolsa/s.
- Difundir que a actividade a desenvolver é financiada pola Deputación Pontevedra.

5.6. OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN

A Deputación, por medio do Servizo de RRHH, asume os seguintes compromisos:

- Aboar directamente o importe da axuda ou subvención establecida ós bolseiros
- Dar de alta na Seguridade Social ós bolseiros no código de conta de cotización que corresponda.
- Facer un seguimento do grao de execución e cumprimento do plan.
- Emitir un certificado acreditativo do labor realizado á vista do informe de avaliación presentado polo correspondente titor/a.

5.7. PENALIZACIÓNS

No caso de incumprimento grave das obrigas esenciais por parte das empresas adxudicatarias poderáse:

- Resolver a adxudicación e conceder a bolsa a outra empresa que figure na lista, por orde de puntuación, e que tivese solicitado dita titulación.
- Declarar que non se admitirá a súa solicitude de participación en futuras convocatorias.

SEXTA: PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DOS BOLSEIROS

6.1. REQUISITOS DOS BOLSEIROS

As bolsas de práctica laboral no sector privado destinaranse ós titulados universitarios e ós ciclos superiores de formación profesional menores de 35 anos de idade e sen experiencia laboral previa.

6.2. SELECCIÓN DOS BOLSEIROS

6.2.1. A selección dos bolseiros efectuarase mediante convocatoria pública e segundo os principios de mérito e capacidade. O proceso estrutúrase en dúas fases: a primeira, de carácter eliminatorio, por currículo e expediente académico, e a segunda a través dunha entrevista persoal sobre o currículo e coñecementos relacionados co entorno xeral e específico das bolsas convocadas.

6.3. ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS

6.3.1. O Servizo de RRHH tendo en conta o número de bolsas convocadas por cada proceso ofrecerá ós candidatos propostos, seguindo a orde establecida na relación anterior, as empresas onde se desenvolverán as prácticas laborais.

6.3.2. Efectuada dita elección, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación adxudicaranse as bolsas convocadas ás empresas seleccionadas e ós candidatos que acadaron maior puntuación en cada proceso selectivo co fin de poder iniciar o período de prácticas nas empresas elixidas.

A N E X O I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DAS EMPRESAS NO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL 2013			
DATOS DA EMPRESA			
NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF/NIF	
DOMICILIO			
LOCALIDADE		CP	
PROVINCIA		TELÉFONO	
FAX			
PÁXINA WEB			
DATOS DO REPRESENTANTE			
NOME E APELIDOS			
DNI			
MÓBIL		TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO			
PROXECTO DE PRÁCTICA LABORAL - TIPO DE ACTIVIDADE A DESENVOLVER			
<i>Opcionalmente pódese incluír esta información en documento anexo á solicitude, en cuxo caso deberá indicarse neste apartado mediante a nota "ver anexo"</i>			
PERFIL DOS BOLSEIROS – TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS OU DE FORMACIÓN PROFESIONAL SOLICITADAS			
PERSOAL DA EMPRESA QUE ACTUARÁ COMO TITOR			

COMPROMISOS DE INSERCIÓN Ó REMATAR AS BOLSAS**OUTRAS MELLORAS QUE OFECE A EMPRESA****DECLARACIÓNS RESPONSABLES**

- ☐ Declaro que a empresa solicitante reúne todos os requisitos da convocatoria.
- ☐ Declaro que acepto, en nome e representación da empresa solicitante, o compromiso de someterme ás normas da convocatoria.
- ☐ Declaro que todos os datos obrantes no presente anexo son veraces.
- ☐ Declaro non ter contrato de servizos vixente coa Deputación Provincial de Pontevedra.
- ☐ Declaro asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes das mesmas titulacións.
- ☐ Declaro non ter despedido de forma improcedente a ningún traballador nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- ☐ Declaro manter os requisitos esixidos nas bases durante o período de tempo de disfrute da bolsa, e informar de calquera variación das circunstancias.

Asinado:

Nome e apelidos:

En nome e representación da

OBRIGAS QUE ASUME A EMPRESA			
- Realizar a actividade que fundamenta a convocatoria deste plan de práctica laboral - Comunicarlle á Deputación aquelas modificacións substantivas que afecten á realización das prácticas, así como as renuncias á bolsa. - Difundir que a actividade a desenvolver é financiada pola Deputación Pontevedra			
IDENTIFICACIÓN DA PERSOA DE CONTACTO NA EMPRESA			
NOME E APELIDOS			
CARGO			
DNI			
MÓBIL		TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO			
DATA E SINATURA			
En nome e representación da empresa, SOLICITO participar no plan de práctica laboral empresarial 2013 da Deputación Provincial de Pontevedra nos termos e condicións establecidas nas bases da convocatoria.			
Asinado:			
Nome e apelidos:			
En nome e representación da			

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Pontevedra, 31 de xullo de 2013.—A xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, M^a Jesús Torres Peón.

2013007183

A N U N C I O

Ao abeiro do disposto nos arts. 59.5 e 61 da Lei 30/92 de 26 de novembro, ao non terse podido practicar a notificación no último enderezo coñecido, faise pública notificación de <Emprazamento como posible interesado e alegacións a Dona Balbina Varela Vilariño>, sobre reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Jesús Domínguez Lino en representación de D. Ramón Moreira Blanco e da mercantil Bilbao, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., por danos materiais en accidentes de tráfico padecidos a consecuencia da caída dunha árbore no punto quilométrico 4,2 da E.P. 6304 Orrea-Val-Brocos no Concello de Agolada o día 19/04/12.

Por medio do presente, e en virtude do establecido no artigo 31.1 apartados “b” e “c” da Lei 30/92 de 26 de novembro e o artigo 79.1 da mesma Lei, CONFÍRESELLE a Dona Balbina Varela Vilariño un prazo